3. Que efectos cre a Xunta de Galicia que tivo a aplicación da *Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social* nas pensións dos galegos e galegas?
4. Considera o goberno galego que as medidas que se teñen tomado nestes últimos anos contribúen a eliminar progresivamente a fenda existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres?
5. Por que reduciu o Goberno galego nestes últimos anos o orzamento destinado ao complemento autonómico ás pensións non contributivas?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6. Ten previsto a Xunta de Galicia incrementar a contía do orzamento que dedica ao complemento ás pensións non contributivas?
7. En caso afirmativo, cando se vai producir dito incremento?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 11:19:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 11:19:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2018 11:19:23

Julio Torrado Quintela na data 20/03/2018 11:19:27

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A burbulla inmobiliaria causou unha forte crise económica arredor do ano 2008.

Esta sumada á mala xestión urbanística de varios concellos de Galicia que antepuxeron aos promotores, promovendo a concesión de licenzas sen unha planificación axeitada e en moitos casos considerando terreos urbanizables como urbanos, deixou unha herdanza de edificacións e inmobles sen rematar, moi difícil de xestionar, especialmente nos concellos máis pequenos de Galicia.

Esta mala xestión e praxe urbanística ten múltiples afectados: os veciños e veciñas das vilas que conviven con estas edificacións que son foco de abandono, sucidade ou inseguridade urbana, os propietarios e propietarias que adiantaron diñeiro e quedaron sen as vivendas, os que venderon parcelas a cambio de vivenda e quedaron sen ambas cousas, e por suposto a paisaxe urbana, que se ve altamente afectada.

Os medios de prensa recollen como a xeografía galega está repleta destas esqueletos de edificacións a medio rematar, moitas en mera fase estrutural, e que se poden estimar nunhas 50.000 unidades de vivenda. E fálase de estimacións porque non existe unha estatística censal nin a nivel concellos nin autonómica que poida confirmar este dato.

Grupo Parlamentario

Múltiples son as circunstancias que dificultan a finalización e posta no mercado destas vivendas.

Por un lado moitas, a pesar de ter caducado no tempo os prazos de licencia que permitiron a súa construción, non teñen recibido a comunicación oficial do concello de caducidade da mesma, e extinguindo eses prazos. Probablemente polo medo a asumir unha futura demolición que resulta moi confusa e complexa, especialmente se ten que ser finalmente asumida de modo subsidiario polo propio concello.

Por outro, o descoñecemento sobre a quen notificar as advertencias legais o sancións ás que haxa lugar bloquean a solución en infinidade de casos ao perderse o fío da propiedade en medio de sociedades compartidas, firmas quebradas e bancos con armazóns complexos.

A Sareb foi a entidade que se ten feito cargo de moitas destas edificacións embargadas e propiedade dos bancos rescatados.

A Xunta de Galicia, pon a disposición dos concellos dúas ferramentas para axudar a desenmarañar esta situación destes esqueletos edificatorios. Por un lado a Lei do solo do 2016 contempla no seu artigo 135, do deber de uso, conservación e rehabilitación, especificamente fala de que “o deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza “.

E por outro lado no artigo 136, establece que:

1. Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen as persoas propietarias de bens inmoables a:

 Grupo Parlamentario

- a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.
- b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido no artigo 91 desta lei.

Incluso faculta aos concellos para que apliquen multas coercitivas en caso de negativa por parte da persoa propietaria:

4. En caso de incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1 000 a 10 000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do chan.

Estes artigos non se están a empregar na práctica, e especialmente no caso de grandes edificacións. E principalmente porque quen legisla, a Xunta de Galicia, non é quen aplica a lei, os concellos.

A lei continúa a falar do rexistro de solares, artigo 137, da venda forzosa, artigo 138 e no artigo 140 fala da actuación directa ou a través dunha sociedade urbanística.

Todas estas medidas que a lei dispón como ferramentas para os concellos son accións que necesitan dunha forte vontade política e por suposto contar cuns recursos técnicos e administrativos importantes.

Temos concellos onde falta esa vontade política, outros nos que carecen de medios tendo vontade máis que suficiente, en definitiva, a lei non se está a aplicar, e o problema estase a acrecentar e complicar cada ano que pasa, tendo ademais, unha peor solución co paso do tempo.

Grupo Parlamentario

Por outro lado, a Xunta de Galicia conta coa axuda da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) que se ofrece a aqueles concellos que queiran a exercer as competencias de vixilancia e control de legalidade urbanística, pero con competencias moi limitadas. A día de hoxe son apenas 60 os concellos que colaboran coa APLU.

A Xunta de Galicia si que ten sociedade urbanística a que fai referencia o artigo 140, Xestur pertencente ao IGVS, figura que salvo nas cidades non existe na maioría dos concellos galegos.

A incapacidade legal e normativa, e por outro lado a ineficacia e inoperancia dos mecanismos de control e vixilancia tanto das administracións locais e autonómicas levan a que exista unha sensación xeral de conformidade e de incapacidade que entendemos hai que afrontar.

Porque construír conforme a unha licenza é algo máis que un dereito, é un deber e unha responsabilidade adquirida, un feito que transcende o particular. A imaxe urbana nos afecta a todos, e atentar contra ela, e as consecuencias que conleva o seu abandono, debería estar debidamente controlado e sancionado.

Concellos como o de Carral, Barreiros, Narón, Valdoviño, Monforte, saben ben deste problema, e coma estes moitos outros en toda Galicia. E especialmente preocupante son os casos que afectan ás vivendas plurifamiliares.

Todas estas razóns levan a que as deputadas e o deputado que asinan formulen as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que as medidas de control e vixilancia das edificacións inacabadas de Galicia se teñen

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

demostrado suficientemente eficaces na erradicación deste problema por parte da Administración autonómica?

2. Que medidas pensa adoptar no seu caso?
3. Que datos manexa ao respecto?
4. Se dirixiu á Sareb e aos grandes propietarios para coñecer as súas previsións de vivendas inacabadas?
5. Con que resultado, no seu caso?

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 20/03/2018 11:32:09

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 11:32:14

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 11:32:17

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 11:32:22

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación do mercado laboral da mocidade en Galicia poderíase cualificar como precario, inestable e sen dereitos. Os datos amosan que a empregabilidade para a mocidade se caracteriza por unha curta duración dos contratos, elevados índices de temporalidade, riscos para a saúde laboral, reducións de xornadas non desexadas, fenda xeracional, ou exceso de horas extras (con ou sen remuneración) case sempre de realización obrigatoria. As causas desta situación son múltiples, ademais da crise económica, e da reforma laboral posta en marcha polo PP, os instrumentos de creación de emprego, como por exemplo o Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 -2020, non está a cumprir os obxectivos polos que se puxo en marcha.

Esta situación ten levado nos últimos anos a milleiros de mozos e mozas á emigración, un feito que non soamente supón un drama social, senón tamén un lastre económico, pois a meirande parte dos que abandonaron Galicia nos derradeiros anos posúen unha alta cualificación académica e profesional, polo que a consecuencia desta situación é a perda de recursos humanos nos que as administracións públicas levan invertido millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico pola fuga de talentos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Que valoración fai o Goberno galego da situación da mocidade no mercado de traballo?
2. Considera a Xunta de Galicia positiva a evolución nestes últimos datos da situación da mocidade no mercado laboral?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. A que cre que o Goberno galego que é debida a elevada temporalidade entre os máis novos?
4. Considera o Goberno galego que as condicións laborais da mocidade son peores que as do conxunto da poboación traballadora?
5. En caso afirmativo, a que cre que se debe esta situación?
6. Que medidas ten posto en marcha a Xunta de Galicia nestes últimos anos para favorecer o aceso dos máis novos ao mercado de traballo, e garantir a estabilidade no emprego?
7. A vista dos resultados, considera o Goberno galego que estas medidas son suficientes?
8. Que valoración fai o Goberno galego da aplicación do Plan de garantía xuvenil en Galicia?
9. Cantos novos empregos estables se teñen creado en Galicia a través do Plan de garantía xuvenil no ano 2017?
10. Considera o Goberno galego que é necesario mellorar a aplicación do Plan de garantía xuvenil?
11. En caso afirmativo, que medidas ten previsto tomar para a través desta ferramenta mellorar a empregabilidade dos máis novos?
12. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar proximamente algunha medida para mellorar a situación da mocidade no mercado de traballo?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 13:10:54

Julio Torrado Quintela na data 20/03/2018 13:10:59

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 9 de marzo actual o ministro de Facenda e Función Pública asinou con CCOO, UGT e CSI-F o *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, tras manifestar que a mellora da situación económica e orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para acadar esta situación, conduce a un escenario no que se articula un acordo global e plurianual.

As partes asinantes consideran que a situación actual aconsella articular aspectos retributivos nun marco temporal axeitado, para dotar de estabilidade, certeza e seguridade nesta materia ás administracións públicas e ao persoal ao seu servizo. A mellora das condicións de traballo do persoal funcionario, laboral, estatutario, docente e ao servizo da Administración de Xustiza redundará de maneira directa nun incremento da calidade da prestación dos servizos públicos que recibe a cidadanía.

O acordo, en materia retributiva, formula un horizonte temporal a tres anos a incluír nas sucesivas leis orzamentarias, quedando a parte variable vencellada durante 2018, 2019 e 2020 ao crecemento da economía española e, no terceiro exercicio, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O acordo tamén recolle o incremento da Oferta de Emprego Público de 2018, con taxas adicionais para determinados sectores ou derivadas de incrementos de poboación.

En terceiro lugar, este acordo asume novos compromisos en materia de estabilidade do emprego público, xornada de traballo, conciliación e tratamento retributivo das situacións de incapacidade temporal, plans de igualdade, necesidades formativas e xubilación parcial.

Sen prexuízo daquelas materias acordadas que afectan a competencias básicas estatais, os demais aspectos recollidos neste acordo poderán ser obxecto de negociación nos seus respectivos ámbitos, incluído, no caso de Galicia, o noso sector público autonómico.

Grupo Parlamentario

Considerando a transcendencia deste acordo en materia de emprego público, que debe ter xa reflexo no presente exercicio 2018 na nosa Administración autonómica.

Por iso os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que previsións ten o Goberno galego para abordar coa maior urxencia a negociación para a aplicación no sector público autonómico do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, subscrito con data 9 de marzo actual polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais?

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/03/2018 12:56:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/03/2018 12:56:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/03/2018 12:56:26

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 12:56:32

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As traballadoras do servizo de estilismo da CRTVG, subcontratado á empresa NEW MODEL´S, levan traballando sen cobrar os seus salarios dende o mes de decembro, despois de que esta empresa declarara concurso de acredores o pasado 21 de novembro. Unha situación económica difícil de comprender cando o contrato de prestación de servizos da CRTVG, segundo denuncian as propias traballadoras, representa máis do 60 % do seu volume de negocio.

Ademais días antes da declaración concursal, o empresario creaba unha empresa que está a prestar o servizo de estilismo a Centroña Producións Audiovisuais para a produción de “Coma un allo”, utilizando vestiario, persoal e medios propios da CRTVG e facturando por ese servizo sen que a CRTVG faga algo para impedilo.

A CRTVG é unha empresa pública que non pode consentir por máis tempo esta situación, sendo a súa obriga adoptar as medidas necesarias para que o servizo da contrata se preste axeitadamente, e que se garanta o pago dos salario das traballadoras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Coñece a CRTVG a situación laboral na que se atopan dende hai meses as traballadoras do servizo de estilismo da CRTVG, subcontratado á empresa NEW MODEL´S?
2. En caso afirmativo, que valoración fai desta situación?
3. Qué medidas tomou a CRTVG para que se garantan os dereitos destas traballadoras?
4. Por que a CRTVG permite que, a través doutra empresa creada antes da declaración concursal de NEW MODEL´S, se utilice

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- vestiario, persoal e medios propios da CRTVG e se facture por ese servizo?
5. Ten previsto a CRTVG establecer algún tipo de mediación entre estas traballadoras e a empresa para garantir o cumprimento dos seus dereitos laborais?
 6. Considera a CRTVG que esta situación é compatible coa Responsabilidade Social Corporativa da propia corporación no que se refire á supervisión do cumprimento das obrigas das empresas subcontratadas cos seus traballadores e traballadoras?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 16:37:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2018 16:37:22

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O día 15 de decembro de 2012, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio emitía un informe favorable á Declaración de Impacto Ambiental para a explotación mineira de ouro na localidade de Corcoesto (A Coruña) por unha compañía canadiana, EdGgewater Exploration, a través dunha filial en Galicia, Corcoesto Gold Mines, SL. A pretensión era resucitar a veta abandonada en 1910, contando con extraer máis de 1.000.000 de onzas e usando cianuro para separar o ouro da roca. Mais ese proxecto naufragou pola presión cidadá e polos defectos de tramitación, deixando abertos varios procedementos xudiciais, incluídas acusacións de suborno contra altos cargos do Goberno (o presidente Feijóo, o ex conselleiro de Medio Ambiente Agustín Hernández e o director xeral de Enerxía e Minas, o Señor Tahoces).

Así, nestes días soubemos que, o 6 de maio de 2016, Edgewater os acusaba de pedir unha “mordida” de 1,5 millóns de euros a cambio de autorizar a explotación: *“En outubro de 2014, un alto cargo de SACYR díxome que teríamos que pagar millón e medio para obter o permiso para o desenvolvemento do proxecto e que estes fondos se distribuirían entre altos cargos da Xunta de Galicia, incluíndo ao presidente e ao Señor Tahoces”*. Estas declaracións provocaron unha denuncia por calumnias interposta pola Fiscalía e a personación da propia Xunta de Galicia, mais o Xulgado de Instrución arquivou o procedemento o 8 de maio de 2017, auto de arquivo que logo foi recorrido en apelación pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia. Dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que estes feitos precisan explicacións pola súa gravidade.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre as acusacións por Edgewater de “mordidas” de millóns de euros respecto da explotación mineira de ouro en Corcoesto?
2. Houbo, no ano 2014, algunha indicación polo Goberno a un alto cargo de SACYR de “dar recado” á empresa de pagar millón e medio de euros para obter o permiso para o desenvolvemento dese proxecto mineiro?
3. Que vai facer o Goberno galego si o recurso de apelación polo arquivo da denuncia por calumnias se desestima?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 17:41:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2018 17:41:47

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 17:41:51

María Luisa Pierres López na data 20/03/2018 17:41:56

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A sede do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un dos poucos exemplos que se conserva en Galicia do románico civil. Este espazo declarado monumento histórico artístico en 1931, está situado no edificio do antigo Pazo Episcopal, no centro histórico da cidade. O conxunto está en remodelación dende hai máis de quince anos por mor dunhas obras de rehabilitación que se demoran no tempo. Os servizos do museo trasladáronse ao edificio Santa María de Europa, na Carballeira, onde non están á vista do público en xeral senón só para a consulta de xornalistas e investigadores, no que se almacenan algunhas das coleccións, excepto unha selección da escultura máis representativa, que se mostra permanentemente na sala de exposicións San Francisco.

Daquelas, díxose que a obra estaría rematada para o 2003, sen embargo nin sequera a día de hoxe está adxudicada, e soamente se avanzou escollendo un proxecto no verán do 2015, mediante un concurso de ideas.

Ata o de agora só podemos destacar que se iniciou a tramitación da modificación do plan urbanístico (PEPRI), o pasado mes de outubro, que regula o casco vello da cidade para poder executar a reforma do arqueolóxico, co que xa se dá conta do estado no que se atopa o proxecto.

Pola súa banda, todo parece indicar que, sexa polos titulares do edificio, Goberno de España, ou polos que o xestionan en exclusiva, Xunta de Galicia, o museo máis importante da provincia de Ourense segue co peche botado. A desidia e o desleixo das distintas administracións durante todos estes anos, con sucesivos recortes e execucións parciais

 Grupo Parlamentario

do orzamento cultural destinado a Ourense, fixeron o resto.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado no que se atopan as obras de rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense?
2. A que se debe o retraso na reapertura deste espazo?
3. Cal é a previsión da Xunta de Galicia para a apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense?
4. Que valoración fai o Goberno galego da cantidade asignada nos orzamentos do Goberno de España para as obras de rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense?
5. Solicitou nos últimos anos a Xunta de Galicia ao Goberno de España a axilización das obras de rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Raúl Fernández Fernández

Concepción Burgo López

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 19:33:02

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 19:33:07

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/03/2018 19:33:12



 [Grupo Parlamentario](#)

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2018 19:33:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Algunhas das consecuencias da tala ilegal de madeira son as ameazas ás poboacións indíxenas, a degradación dos bosques, a perda de biodiversidade e o agravamento do cambio climático.

Nestes días tivemos noticia de que GREENPEACE ten comunicado ao Goberno galego que o Porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil. Segundo a organización ecoloxista, a finais do pasado ano a lo menos un barco con destino Vigo cargou madeira ilegal en Paranagua (Brasil) a través da empresa “Madeiras Cedroarana” e resulta que esta empresa madeireira está directamente relacionada coa masacre de Colniza (onde 9 persoas foron asasinadas o 20 de abril de 2017), sendo multada reiteradamente pola máxima autoridade ambiental de Brasil por comerciar con madeira ilegal. Polo visto, o axente internacional que realizou a operación comercial é a empresa “Global Gold Forest Lda (GWP)”, representada en España por “Atlantic Timber Agency”, as dúas con sede postal en Marín (Pontevedra).

Cómpre lembrar que está en vigor o Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e os seus produtos, máis coñecido como Regulamento EUTR, segundo o que as empresas están obrigadas a dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal. O certo é que España está entre os países peor valorados pola Comisión Europea dos 28 membros da UE, empatada con Luxemburgo e Malta e tendo só por debaixo a Polonia e Hungría. De feito, houbo que agardar ata 2015 para que o Goberno do Estado aprobara a aplicación do Regulamento EUTR mediante o Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e dos seus produtos. E

 Grupo Parlamentario

precisamente pola falla de información que deberían aportar as autoridades das comunidades autónomas, di GREENPEACE que se descoñecen os controis xa feitos, os expedientes abertos ou as medidas correctoras impostas polo incumprimento do Regulamento EUTR.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Comparte o Goberno galego que hai que combater a tala ilegal de madeira?
2. Que ten que dicir o Goberno sobre o feito comunicado pola organización ecoloxista GREENPEACE sobre que o Porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil?
3. Ten comprobado o Goberno que as empresas importadoras de madeira dispoñen dun procedemento interno para analizar e minimizar os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal?
4. Cantos controis a estas empresas ten feito o Goberno dende o ano 2009 ata o día de hoxe?
5. Cantos expedientes abriu o Goberno e cantas medidas correctoras impuxo dende o ano 2009 ata o día de hoxe polo incumprimento do Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, e o Real decreto 1088/2015, de 4 de decembro?
6. Vai establecer o Goberno un calendario de controis ás empresas importadoras de madeira?
7. Vai adoptar medidas correctivas e, no seu caso, sancionadoras no suposto de incumprimento das normas antes mencionadas?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/03/2018 13:07:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2018 13:07:38

Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2018 13:07:42

María Luisa Pierres López na data 21/03/2018 13:07:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **por escrito**.

A *Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia*, recolle no artigo 1 “os poderes públicos de Galicia recoñecen a importancia cultural, económica e social das actividades cinematográficas e do audiovisual, do papel que poden desempeñar coma creación artística, información, coñecemento e imaxe de Galicia, en aras da consecución da normalización cultural e lingüística de Galicia, polo cal os consideran sector estratéxico e prioritario”. O artigo 4, facendo referencia ás actividades do sector, afirma que deben garantir “a promoción e a difusión da cultura e normalización da lingua galega, así coma a defensa da identidade galega”. Así mesmo, no artigo 5, “a Xunta de Galicia recoñece o carácter estratéxico e prioritario do sector audiovisual pola súa importancia cultural, social e económica, coma instrumento para a expresión do dereito á promoción e divulgación da súa cultura, historia e lingua, coma datos de autoidentificación”.

Nos principios xerais de programación, dentro do seu portal de transparencia, a TVG recolle o seguinte: “Especial papel correspóndelle á TVG e á Radiotelevisión á hora de contribuír á normalización da lingua galega e á difusión da cultura propia de Galicia. É indubidable a influencia que a televisión e a radio poden e deben exercer de cara á difusión eficaz das vixentes normas lingüísticas que faciliten, de maneira cada vez máis normal e polo uso repetido, o dominio do idioma galego. En moitas ocasións, a simple exposición oral da linguaxe correcta servirá para ir fomentando o seu uso adecuado entre os usuarios e usuarias da radio e a televisión de Galicia”.

Recentemente a Mesa pola Normalización Lingüística presentou un informe resultado dun estudo do uso do galego na programación infantil televisiva, recollendo a situación da nosa lingua na pequena

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

pantalla dedicada a persoas destinatarias máis novas así coma a análise da audiencia que ten, e se se promocionan correctamente os contidos. O devandito informe alerta do retroceso da presenza da lingua galega na programación televisiva, onde só 4,6 % da programación infantil é en galego, resaltando que *“só a CRTVG garante a súa presenza na grella televisiva, mais faino de forma cativa e mínima, malia o establecido na lexislación estatal e autonómica sobre o audiovisual e malia as enormes posibilidades técnicas actuais que poderían aumentar as emisións en galego significativamente.”*

En canto o espazo da web da TVG dedicada aos máis cativos, non hai unha grande adaptación para o manexo, xa que faltan máis contidos interactivos, pois as crianzas empregan moito as tabletas e smartphones para acceder a eles.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera que é suficiente e axeitada a oferta de contidos destinada á infancia e mocidade na TVG e RG?
2. Ten previsto a CRTVG incrementar a oferta destinada á infancia e mocidade na televisión pública galega?
3. Valora a CRTVG a posibilidade de aumentar os contidos interactivos da páxina web dedicada aos máis pequenos?
4. Ten previsto a CRTVG realizar melloras na aplicación Xabarán TVG?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2018 13:10:37

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/03/2018 13:10:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/03/2018 13:10:48

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA escrita**.

Dende o grupo parlamentario En Marea levamos presentadas máis de 50 iniciativas, dende xaneiro, relacionadas coa solicitude e detalle das viaxes de altos cargos da Xunta.

Malia a insistencia, por parte do noso grupo parlamentario, o Goberno da Xunta segue a dar unha información manifestamente incompleta. A información que se proporciona nas comparecencias do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE só aclara o nome do cargo en cuestión, o lugar ao que viaxou e algún acto no que participou, todo isto dun xeito considerablemente superficial, a pesares de definir a súa comparecencia, nalgunha ocasión, coma exhaustiva. Cando se proporciona información destas características, o lóxico e o desexable é que se trate dunha relación de cada viaxe moito máis detallada. Por exemplo, proporcionar a maiores información sobre a composición da delegación viaxante ao completo (nº de persoas, nomes), data de inicio e de remate da viaxe (non se pode atopar a data en todas as viaxes recollidas na comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para informar do cumprimento do Código Ético Institucional no segundo semestre do ano 2017), detalle da axenda levada a cabo a propósito de cada viaxe, así coma obxectivos e avaliación, tamén, de cada viaxe.

Por isto, dende o Grupo Parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:



- De cantas persoas estaba composta a delegación que acompañou ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria a México entre o 15 e o 17 de novembro?
- Que persoas formaron a delegación nesta visita?
- Cal foi o gasto total da viaxe, e o gasto en cada un dos conceptos, aloxamento, desprazamentos, dietas ... ?
- Porque non se facilitan as facturas e xustificantes de gasto desta viaxe?
- Existen máis detalles da axenda institucional, desta viaxe, da proporcionada na Comparecencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE?
- Cal foi a axenda institucional de cada alto cargo nesta viaxe ?
- Cales eran os obxectivos desta visita?
- Existe unha avaliación dos resultados desta viaxe ?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/03/2018 13:34:02

Carmen Santos Queiruga na data 21/03/2018 13:34:12

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Instituto Español de Oceanografía acaba de dar a coñecer un manifesto, no que se pide a defensa da institución, asinado polos seus traballadores e denunciando a precariedade coa que traballa, especialmente nos últimos exercicios.

Temos que recordar que esta institución é esencial para o sector pesqueiro aportando apoio técnico e informes necesarios para conseguir unha mellor xestión dos recursos. Polo tanto, a situación na que se atopa supón para a flota pesqueira española, en consecuencia tamén a galega, unha maior precariedade.

Son varios os axentes do sector pesqueiro que piden apoio a esta institución.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da grave situación que está a atravesar o Instituto Español de Oceanografía?

2ª) Vai realizar o Goberno galego algún tipo de xestión ao respecto, se for o caso, en que prazos?

3ª) Como está a repercutir a situación do Instituto Español de Oceanografía nas sedes radicadas na comunidade autónoma de Galicia?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2018 16:32:06

Julio Torrado Quintela na data 21/03/2018 16:32:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS) en Galicia é unha iniciativa do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coa Xunta de Galicia, que procura o desenvolvemento do medio rural galego dun modo sostible e conta cunha cofinanciación ao 50% entrambas as dúas Administracións.

Neste Programa realízase unha análise e un diagnóstico sobre a situación do medio rural, defínese unha estratexia de desenvolvemento rural, concrétnanse as zonas rurais que delimitaron e propuxeron para a súa aplicación dende a Comunidade Autónoma de Galicia, especifícanse os tipos de actuacións multisectoriais que se poderán poñer en marcha, defínese o contido que deben ter os Plans de Zona como instrumentos para planificar a súa aplicación en cada zona rural, determínase o marco de cooperación entre as Administracións Públicas que conflúen sobre o medio rural para a súa posta en práctica, defínese o orzamento e sistema de financiamento, e conclúese cun sistema de avaliación e seguimento. Para o seu desenvolvemento asínase un convenio entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Xunta de Galicia.

A Resolución de 22 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de



Galicia para a execución, seguimento e avaliación das acción incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

O convenio asinouse o 7 de maio de 2012 e a Resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado do 11 de xuño de 2012 (núm. 139). O seu obxecto é materializar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliacións das actuacións concertadas.

O convenio prevé que as accións para executar se estruturen en catro eixos:

- Actividade económica e emprego
- Infraestruturas e equipamentos básicos
- Servizos e benestar social
- Medio ambiente

O PDRS (Programa de Desenvolvemento Rural Sostible) 2014-2020 non esta publicado na web de Agader como o estaba o anterior, así como tampouco están as zonas do mesmo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia non publica na web de Agader O PDRS (Programa de Desenvolvemento Rural Sostible) 2014-2020 así como as zonas do mesmo e os plans de zona?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Paula Quinteiro Araujo



Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 17:01:24

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 17:01:32

Paula Vázquez Verao na data 21/03/2018 17:02:24

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A mesa pola Normalización Lingüística acaba de presentar un informe sobre a situación da lingua galega na programación infantil da TVG poñendo de manifesto un retroceso do noso idioma de tal forma soamente un 4,6% da programación diaria e o 2,7% na fin de semana garante a presenza do galego.

Isto únese á exclusión do galego en series e debuxos infantís que contan con dobraxe previo pero que non se inclúe na súa comercialización en DVD ou outros formatos.

Consideramos que esta situación é preocupante, máxime cando hai tempo que coñecemos que o uso do galego se está a reducir entre os máis novos e a televisión, xunto cos produtos audiovisuais, son fundamentais para a normalización da lingua galega entre os máis pequenos e os mozos e mozas, é máis a TVG ten a obriga legal de impulsar ese proceso de normalización.

Cremos que a Consellería de Cultura e a Secretaría de Política Lingüística non poden obviar estes datos nin o feito de que a TVG non está a cumprir o seu papel de impulsor da lingua galega entre os mais pequenos por esta falta de programación infantil en galego.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª.) Como valora a Consellería de Cultura a programación infantil e xuvenil da TVG?

 Grupo Parlamentario

2ª.) Que valoración fai das conclusións do informe da Mesa pola Normalización Lingüística sobre a escaseza de programación infantil e xuvenil na TVG en galego?

3ª.) Pensa tomar algunha medida para consensuar coa CRTVG o aumento desta programación?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 21/03/2018 17:48:15

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/03/2018 17:48:26

Noela Blanco Rodríguez na data 21/03/2018 17:48:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o gasto que supón a UME e a Operación Centinela á Xunta de Galicia nas actuacións dos incendios forestais dos anos 2016 e 2017.

Galicia é a día de hoxe a comunidade do estado español onde máis incendios e hectáreas queimadas hai. Esta alta actividade incendiaria foi combatida dende fai anos polo SPDCIF.

Temos que lembrar que namentres o SPDCIF supuña no ano 2005 máis do 70%, a superficie media por lume era de 2,4 ha. A día de hoxe, con unha porcentaxe menor xa do 40%, a superficie triplicouse.

Isto pon de manifesto as e os grandes profesionais cos que conta o servizo público para un óptimo desenrolo das súas funcións.

Pola contra queremos deixar de manifesto que un dos grandes fallos do actual dispositivo é a atomización do servizo, que xunto os continuos recortes de persoal e medios fan deste un servizo cada vez menos efectivo.

Unha das causas da atomización é a contratación por medio da Xunta de Galicia, para a realización de labores de loita contra o lume, de organismos como pode ser a UME ou a Operación Centinela para suplir o peche de vixilancias móbiles, o peche de casetas de vixilancia dos distritos ou a non ocupación de vacantes nas brigadas de extinción do SPDCIF.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal foi o custo real que lle supuxo ás arcas públicas galegas a prestación de servizos por parte da UME e operación Centinela nos anos 2016 e 2017?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 17:50:32

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 17:50:41



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:08
Nº Rexistro: 28328
Data envío: 21/03/2018 18:08:09.838

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe realizar Portos de Galiza para solucionar a situación de deterioro no peirao de Corrubedo no concello de Ribeira.

Todo o mundo sabe o que custa o acondicionamento e as obras que se fan por parte das administracións tanto local, galega como estatal. Pois ben, tan importante é o feito de facer, promover e levar a cabo estas obras como o seu mantemento futuro, porque, as actuacións non só hai que facelas, senón tamén mantelas en bo estado para que cumpran a función para a que foran creadas.

No BNG recibimos a queixa e podemos comprobar “in situ”, de que a zona portuaria de Corrubedo ten unha serie de carencias, desperfectos e situacións de feísmo que nuns casos impiden, e noutros fan difícil, o labor d@s usuari@s de dita zona, por non dicir que tamén deixan en mal lugar @s residentes, diante d@s visitantes –moit@s- que acoden á parroquia –visita obrigada por mor da paraxe natural das dunas e o faro de Corrubedo-.

Un bo número de farolas están fóra de servizo, ben por estar fundidas ou rotas as conexións eléctricas. Máis aínda, algunhas levan moito tempo nese estado – máis dun ano-. No propio peirao as escaleiras de acceso están ou oxidadas ou rotas e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:08
Nº Rexistro: 28328
Data envío: 21/03/2018 18:08:09.838

a piques de se desprenderen, co que conleva iso de perigo. As varandas de protección completamente oxidadas, o que vai supoñer a súa futura corrosión e probable desprendemento.

Verbo do feísmo, a carón mesmo do restaurante que hai no porto, atopámonos cunha edificación en construción que leva varios anos así. Ocupa parte do dominio das beirarrúas con cascotes de pedra, unicamente protexidos por unha malla de ferro coa metade das celas rotas; o que supón un perigo engadido para crianzas e maiores. E non digamos dos socavóns e fochancas que se atopan na rúa de acceso á rampla.

O Bloque Nacionalista Galego presentou unha iniciativa en 2013 no Concello de Ribeira na que se instaba a Portos de Galiza a ter conta do seu patrimonio e a mellorar as instalacións portuarias de Corrubedo.

Nunha xuntanza mantida entre o BNG e os mariñeiros realizada en 2017, comprobouse que o peirao presentaba unha total falta de mantemento e un acusado deterioro, mais a día de hoxe a pesares do tempo transcorrido a situación sigue sen estar resolta, por esta razón fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten intención Portos de Galiza de asumir a súa responsabilidade de ter as infraestruturas portuarias en condicións e realizar as labores de mantemento que sexan precisas, e polo tanto as do peirao de Corrubedo?

-Cando ten pensado Portos de Galiza dotar de instalacións o porto de Corrubedo nas que os mariñeiros poidan traballar baixo cuberto e non baixo as inclemencias do tempo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:08
Nº Rexistro: 28328
Data envío: 21/03/2018 18:08:09.838

-Cando ten pensado Portos de Galiza reparar as escaleiras e mellorar a sinalización viaria para evitar que os vehículos estacionen diante da rampla?

-Contempla Portos de Galiza atender a demanda de rebaixar a rampla no seu tramo final?

-Cando e que actuación ten previsto realizar Portos de Galiza para aumentar e mellorar o alumado no peirao de Corrubedo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2018 18:00:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:08
Nº Rexistro: 28328
Data envío: 21/03/2018 18:08:09.838

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2018 18:00:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2018 18:00:44

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2018 18:00:45

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2018 18:00:47

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2018 18:00:48

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os eternos atrasos -dende o ano 2007- da posta en funcionamento da conexión á EDAR de Panchés (no concello de Carnota) teñen como consecuencia que O Pindo veña rexistrando problemas dende hai tempo, sobre todo dende a rotura dunha das tubaxes vellas a consecuencia dun temporal. Estes problemas agrávanse no verán, cando chega o calor e os veciños volven sufrir ese fedor tan característico da falta de saneamento. Tanto a veciñanza como os visitantes que chegan a Carnota polo verán ven minguada a súa calidade de vida.

É tal a desesperación que se chegou incluso a pedir un informe unha empresa externa, no que se puxo de manifesto os elevados niveis de coliformes nas augas recollidas. Un medio local recollíao así: “Unha analítica que demostra que é unha auga fecal ben podrecida, ben sucia, moi cargada de bacterioloxía, que melloraría moito se pasase pola depuradora”. Houbo incluso unha denuncia do Seprona nos xulgados de Muros.

No mes de decembro de 2017, tras varios actos de protesta, O Pindo volveu saír á rúa esixindo unha solución. A pesar destas accións de protesta e das graves consecuencias que ocasionan á veciñanza, o compromiso de entregar a obra por parte do Goberno galego non se cumpriu e son moitos os atrasos que se levan producindo, de xeito que o novo colector que a Xunta está desenvolvendo dende o Ézaro ata a depuradora de Panchés segue sen estar en funcionamento.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego dos graves inconvenientes que está a sufrir a veciñanza de Carnota, concretamente no Pindo, como consecuencia das deficiencias de funcionamento no servizo de saneamento e depuración?



Grupo Parlamentario

2ª) En caso afirmativo, que valoración fai ao respecto?

3ª) Cando considera o Goberno galego que vai poder entregar a obra?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para solucionar estes problemas, e en que prazos?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 21/03/2018 18:05:27

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/03/2018 18:05:42

Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2018 18:05:49

María Luisa Pierres López na data 21/03/2018 18:08:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 28339
Data envío: 21/03/2018 18:29:40.047

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa a reclamar as competencias para Galiza sobre os portos e as lonxas de interese xeral.

A Autoridade Portuaria de Vigo, que preside López Veiga acordou tomar determinadas medidas para escenificar a súa loita contra o fraude e a venda ilegal de peixe, pero está tendo nos medios de comunicación unha dura contestación por parte de determinados colectivos de armadores, ata o punto de denunciar que ditas medidas non foron consensuadas ou que as mesmas son desproporcionadas, irrealizábeis e que van supor maior carga de traballo e maior custe.

Algunhas delas como informar antes da chegada a porto cunha antelación suficiente ou indicar as cantidades descargadas van na mesma liña das impostas por Madrid, sen decatarse que moitos días están tan cerca de terra que lles é imposible comunicar coa antelación suficiente ou que cando chegan a porto, moito do peixe aínda está sen escoller e acabase escollendo e clasificando no propio peirao.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 28339
Data envío: 21/03/2018 18:29:40.047

O desacordo con estas medidas unilaterais é tal que algún colectivo de armadores ameaza con desprazar as descargas a outros portos como Marín, Ribeira e a Coruña, e incluso de pedir o traslado do porto base dos barcos.

Despois da destitución do Xefe de Explotación Pesqueira, semella que o presidente ameaza con tomar medidas para acabar coa suposta trama de venda ilegal adoptando medidas sen falar co sector nin coa consellaría competente na materia.

O sorprendente é que tendo a Consellería do Mar con competencias en ordenación do sector pesqueiro, descarga e primeira venda, permita unhas medidas unilaterais, que non gardan relación con outras que se levan a cabo noutras coñecidas lonxas do país, dependentes do goberno galego, o que indica a falta de control por parte do Goberno galego das lonxas dos chamados portos de interese xeral, de competencia do Estado, que sos verdadeiros reinos de taifas.

Estas son as razóns que nos levan a formular as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai o Goberno galego reclamar para Galiza as competencias sobre os portos, e polo tanto as lonxas, clasificados de interese xeral que están baixo o ámbito competencial do Estado español?

-Que opinión lle merece as medidas tomadas pola Autoridade Portuaria de Vigo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 28339
Data envío: 21/03/2018 18:29:40.047

-Coida que estas medidas van solucionar algún dos problemas que ten o sector?

-Está de acordo coas medidas unilaterais tomadas que non gardan relación con outras que se levan a cabo noutras coñecidas lonxas do país, dependentes do Goberno galego?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2018 18:28:25



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:29
Nº Rexistro: 28339
Data envío: 21/03/2018 18:29:40.047

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2018 18:28:29

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2018 18:28:31

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2018 18:28:32

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2018 18:28:34

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2018 18:28:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sanchez García e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia dun plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como de agricultura ecolóxica.

A agricultura galega está moi pouco diversificada. Existe un predominio absoluto do sector lácteo cos riscos que isto leva consigo no contexto de crise que padecemos no que o peche de explotacións deleite suporía agravar máis o despoboamento e a desvertebración do medio rural.

Cada ano, Galiza ten unha balanza alimentaria negativa de 900-1000 millóns de euros.

Unha parte importante é debida á alimentación animal, soia e millo importados, pero tamén se importan diariamente grandes cantidades de hortalizas e froitas, moitas das cales poderían ser producidas aquí.

Ao mesmo tempo, as terras con maior aptitude agronómica seguen a abandonarse ou se usan para incrementar o monocultivo de eucalipto.

Acadar o obxectivo de equilibrar esa balanza crearía miles de empregos no rural. Para iso, débense implementar plans sectoriais específicos para o fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Que ten feito a Xunta de Galicia nos últimos anos a favor da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 19:44:48

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 19:45:00

Antón Sánchez García na data 21/03/2018 19:45:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 28351
Data envío: 22/03/2018 13:09:42.861

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, nos últimos días, nos que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Xoves 15 de Marzo:

-Ferrol-San Sadurniño das 18:15. Suprimido por falta de material móbil.

-San Sadruniño-Ferrol das 19:03 Suprimido por falta de material móbil.

Venres 16 de Marzo:

-Ferrol-Ribadeo das 10:45. Suprimido por falta de material móbil.

Martes día 20 de marzo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 28351
Data envío: 22/03/2018 13:09:42.861

-Ferrol-Ortigueira das 13. Avariado en Xuvia, suprimido Xuvia-Ortigueira

-Ortigueira-Ferrol das 15:05. Suprimido por falta de material móbil.

Mércores 21 de Marzo

-Ribadeo- Ferrol das 6:55. Avariado en Ortigueira, suprimido Ortigueira-Ferrol.

-Ferrol-Ribadeo das 19:05. Suprimido por falta de material móbil.

Como se especifica en cada caso, todas as incidencias foron provocadas por avarías dos automotores ou indispoñibilidade dos mesmos para a realización dos servizos encomendados.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc..... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?

-Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo entre os días 15 e 21 de Marzo deste ano?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 28351
Data envío: 22/03/2018 13:09:42.861

-Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?

-Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas).

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2018 13:09:10

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2018 13:09:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 28351
Data envío: 22/03/2018 13:09:42.861

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2018 13:09:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/03/2018 13:09:19

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2018 13:09:21

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2018 13:09:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:08
Nº Rexistro: 28363
Data envío: 22/03/2018 17:08:33.986

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

- 1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.
- 2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.
- 3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:08
Nº Rexistro: 28363
Data envío: 22/03/2018 17:08:33.986

rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.

Pasado un tempo razoábel, o grupo nacionalista empregou o mecanismo parlamentar de Preguntas Orais en Comisión para facer seguimento destas cuestións na Comisión 2.^a de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do día 22 de marzo de 2018. Porén, entendendo que a resposta non é suficiente e que a consecución do acordo impulsado polo Pleno do Parlamento Galego non pode descansar na súa remisión e transmisión aos organismos do goberno central, continuamos a facer seguimento.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar o abaratamento da conexión Avant Ourense-Santiago-Coruña? Con que resultado?

-Cantas comunicacións escritas dirixiu ao goberno central co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018?

-Cantas comunicacións orais dirixiu ao goberno central co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018?

-Cantas reunións oficiais mantivo o goberno galego co goberno central e/ou con Renfe-Adif co obxecto de demandar as cuestións recollidas no acordo plenario do 7 de febreiro de 2018 nas que se trataran como punto específico?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:08
Nº Rexistro: 28363
Data envío: 22/03/2018 17:08:33.986

-Ten coñecemento o goberno galego dalgún horizonte temporal para esta homoxeneización das tarifas?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para demandar a reformulación dos termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva? Con que resultado?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego conducentes a conseguir a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago?

-Coñece a Xunta Galiza se o goberno central ten feito algún estudo sobre a demanda de uso desta liña? Ten feito o goberno galego algunha de seu? Con que metodoloxía? Con que resultado? Ten previsto demandalo? Por que cauces?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:08
Nº Rexistro: 28363
Data envío: 22/03/2018 17:08:33.986

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2018 17:07:27

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2018 17:07:32

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2018 17:07:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/03/2018 17:07:35

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2018 17:07:36

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2018 17:07:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O deterioro da sanidade pública en Galicia, responde a unha estratexia de desmantelamento do sistema público en beneficio da sanidade privada.

Segundo reflexan os últimos informes de fiscalización, tanto das contas como da contratación do Servizo Galego de Saúde, realizados polo Consello de Contas, advírtese por parte deste organismo a natureza “estrutural” dos concertos coa sanidade privada, evidenciando que non se está a empregar este recurso de xeito complementario cando existe unha necesidade puntual no sistema público, si non que este tipo de concertos forman parte da arquitectura e o deseño que se está a facer da sanidade en Galicia.

Conclusións que poñen sobre o papel unha realidade que tanto pacientes como profesionais viven día a día.

O venres da semana pasada saía publicado no DOG núm. 54 a Resolución do SERGAS do 2 de marzo polo que se anuncia a licitación para a contratación de servizos sanitarios na área de Xestión sanitaria da Coruña.

Unha licitación de case 100 millóns de euros para a prestación de servizos sanitarios que abarcan dende consultas, a procesos médicos cirúrxicos, probas diagnósticas e terapéuticas, así como o servizo de hemodiálise hospitalaria. Unha evidencia total da falta de vontade política de dotar de medios o Servizo Público de Saúde para mellorar a calidade asistencial do mesmo.



O catálogo de prestación sanitarias chama a atención pola súa extensión, pero tamén chama a atención nos pregos, o contemplando en canto á mobilidade de profesionais do SERGAS para prestar servizos nos centros concertados.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é a xustificación do Goberno para recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos no SERGAS por medio de concertos coa sanidade privada?
- Cal é o motivo de non dotar o SERGAS con medios suficientes para poder prestar asistencia sanitaria sen necesidade de recorrer a macro concertos coa privada?
- Por que a pesar de existir plantas pechadas no CHUAC se toma a decisión de acudir á sanidade privada?
- Considera o Goberno que ante esta situación de abuso no uso dos medios privados para a prestación sanitaria está garantindo a mesma calidade asistencial?
- Que tratamento se está a dar ás persoas que rexeitan ser tratadas na sanidade privada porque prefiren acudir á pública?
- Ten feito o Goberno algún cálculo sobre os medios dos que podería dotar a EOXI de Coruña cos cartos que está a destinar nestes concertos?
- Que sucede co persoal sanitario público que non quere traballar na privada tal e como contempla o acordo marco?
- Que tipo de negociación sindical ten feito ou vai a facer respecto ao persoal sanitario público que segundo o acordo marco ten que ser sometido a mobilidade forzosa?



- Vai a asumir responsabilidades o Goberno por ter incumprido a promesa de non privatizar os servizos sanitarios?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/03/2018 17:17:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás deficiencias existentes no servizo de urxencias do CHUS.

@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS, están a denunciar que a situación do servizo é insostíbel, tanto desde o punto de vista laboral como asistencial. Unha situación que veñen denunciando xa non desde hai meses, senón anos.

Unha situación de moi alta demanda, con moi pouco persoal, teñen unhas das ratios máis baixas dos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, inferior ao CHUVI ou CHUAC. A situación do material é tremendamente deficitaria, cun nivel de deterioro moi importante, obsoleto en moitos casos, sen recambios, cun déficit de dotación en materiais básicos como tensiómetros, fonendos... dificilmente entendíbel.

Todo ten unha clara repercusión tanto na calidade asistencial que se pode prestar como nas condicións laborais nas que teñen que prestar a atención @s profesionais.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 28380
Data envío: 22/03/2018 17:55:00.532

A situación é coñecida por parte da Xerencia, @s profesionais atopáronse nun primeiro momento coa negativa da mesma a atender as peticións chegando incluso a negar a realidade diante dos reiterados intentos de transmitir a situación. Tras recoñecer a situación, esta non ten mellorado, xa que pese a que por parte da xerencia se teñen acadado compromisos, estes nunca se teñen materializado.

As demandas que están a realizar son as cuestións mínimas esixíbeis ante a caótica situación na que se atopa o servizo de urxencias, e desde logo lonxe de garantir un espazo laboral e sanitario seguro e de calidade, de establecer un novo modelo de organización e dun cadro de persoal e material preciso para desenvolvelo.

Solicitan unha dotación mínima de persoal(1 celador/a en quenda de noite, 1 enfermeir@ por quenda,1 Tcae en quenda de mañá e noite...) e a reposición ou dotación do material imprescindible para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade (padiolas, cadeiras de rodas, tensiómetros, electrocardiógrafos, carros de enfermería, paus de soros, renovación de monitores e respiradores de sala de críticos...)

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Coida o Goberno galego que o Sergas pode prestar unha boa calidade asistencial na situación que se encontran os servizos de urxencias hospitalarias?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 28380
Data envío: 22/03/2018 17:55:00.532

-Vai o Goberno galego atender as demandas d@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS e polo tanto proceder a dotar de inmediato tanto cos profesionais que están a demandar, como co material básico e imprescindible, para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2018 17:51:37

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2018 17:51:42



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 17:55
Nº Rexistro: 28380
Data envío: 22/03/2018 17:55:00.532

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/03/2018 17:51:44

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2018 17:51:45

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2018 17:51:48

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2018 17:51:52



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 18:16
Nº Rexistro: 28396
Data envío: 22/03/2018 18:16:37.939

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á evolución negativa do crédito en Galiza e as medidas para corrixir esta situación.

Durante os últimos anos, dende o Grupo Parlamentar do BNG vimos alertando da mala evolución do crédito en Galiza, particularmente dende a data na que comezou a gobernar Feijóo, o 2009, así como da mala evolución do crédito en función dos depósitos tamén nese período.

Na actualidade, Galiza é a comunidade onde máis intensamente caeu o crédito dende o ano 2009, cunha caída de 30.983 millóns de euros que representa un descenso do volume de crédito do 43,5%, e tamén é o territorio que peor relación presenta entre créditos e depósitos de todo o estado, xa que de cada 100 euros en depósito, so 67 van destinados a crédito no país.

Ademais é a que presenta unha peor evolución recente da ratio créditos/depósitos; mentres no 2009 por cada 100 euros en depósito existían 132 en crédito, na actualidade por cada 100 euros en depósito so se destinan 67 para o crédito en Galiza, o que supón un descenso do 49,3%, feito que amosa ás claras como emigra o noso aforro.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 18:16
Nº Rexistro: 28396
Data envío: 22/03/2018 18:16:37.939

Esta evolución confirma os efectos negativos que a reestruturación bancaria tivo para Galiza, onde un deseño estatal alleo aos intereses de noso pobo deu como resultante a perda de entidades financeiras propias.

Neste sentido, podemos observar que o volume de crédito na Galiza atopábase entre 2014 e 2016 nunha situación de leve descenso e estancamento, o que fixo que entre setembro de 2014 a setembro de 2016 o crédito apenas descendese en 163 millóns de euros. Así, no 2016 mesmo existiu algún trimestre no que o crédito se incrementou, como ocorreu de xuño a setembro dese ano. Porén, a partir desda data o crédito tivo unha evolución especialmente negativa, xa que dende setembro do 2016 a setembro do 2017 o volume de crédito pasou de 44.697 millóns de euros a 40.300 millóns, o que significa que crédito descendeu en 4.393 millóns de euros, isto é, un 10% nun so ano.

A evolución dos depósitos amósanos que a forte caída no crédito en Galiza non é debida á ausencia ou caída de depósitos. Ben ao contrario, Galiza é a segunda comunidade onde se produce un maior incremento dos depósitos dende o ano 2009, xa que pasaron de 53.872 millóns de euros aos actuais 60.248 a setembro de 2017, o que supuxo un incremento do 11,8%, tendo deste xeito un comportamento oposto ao do conxunto estatal, onde os depósitos descenderon. Porén, o comportamento dos mesmos durante os últimos doce meses con datos dispoñíbeis (setembro de 2016 a setembro de 2017) é totalmente oposto, xa que Galiza é a única comunidade onde descenden os depósitos

En conclusión, os datos reafirman a necesidade de deseñar medidas que favorezan que o aforro galego se traduza en crédito e investimento no noso país.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido o cambio de tendencia na evolución dos créditos e dos depósitos experimentado dende setembro de 2016?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza do actual volume e evolución recente dos depósitos e créditos en Galiza?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que Galiza sexa a comunidade autónoma que ten un volume máis baixo de créditos en relación cos depósitos?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que Galiza sexa a comunidade autónoma na que peor evolucionou o crédito, especialmente dende setembro de 2016?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que Galiza sexa a única comunidade autónoma na que descendieron os depósitos dende setembro de 2016?

-Considera a Xunta de Galiza que a reestruturación bancaria e a perda de entidades financeiras propias influíu na evolución do crédito en Galiza?

-Considera a Xunta de Galiza que a grande concentración bancaria existente en Galiza está a influír na caída do crédito no noso país?

-Que medidas vai a impulsar a Xunta de Galiza para que o aforro galego se traduza en crédito no noso país?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 18:16
Nº Rexistro: 28396
Data envío: 22/03/2018 18:16:37.939

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2018 18:14:28

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2018 18:14:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/03/2018 18:14:34

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2018 18:14:36

Noa Presas Bergantiños na data 22/03/2018 18:14:37

Xosé Luis Bará Torres na data 22/03/2018 18:14:39



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 12:26
Nº Rexistro: 28248
Data envío: 21/03/2018 12:26:34.494

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no 157.2 do Regulamento da Cámara, **solicitan** que a Pregunta para resposta oral en Comisión (doc. núm. **19354**) reconvertida en Pregunta para resposta escrita, sexa recualificada como Pregunta para resposta oral en Comisión e incluída na orde do día da primeira sesión que se celebre da Comisión 4ª, ao non ser respostada no prazo regulamentariamente establecido.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2018 12:26:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 12:26
Nº Rexistro: 28248
Data envío: 21/03/2018 12:26:34.494

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2018 12:26:15

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2018 12:26:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2018 12:26:17

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2018 12:26:19

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2018 12:26:21



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727